



# PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

ARANTZA PORTABALES  
COMPOSTELA VERMELLA

Cando a historia da nena Xiana Alén xurdiu no meu maxín, busquei un escenario que se acomodase a un asasinato de círculo pechado. Iso levoume a situala nunha urbanización nas aforas de cidade, e é por iso que a meirande parte da acción transcorre en Teo. Porén, tiña claro que quería que Santiago de Compostela irrompese na novela. Para iso servínome dos investigadores, Abad e Barroso, que centran a súa vida diaria nesa comisaría na que se vai asistindo á evolución da investigación. De cara a facer un “roteiro vermello” permitínome mesturar os escenarios de *Beleza vermella* con esoutros polos que transitarán os detectives na nova novela protagonizada por Abad e Barroso e que sairá en 2021.

Tomando apuntamentos sobre o roteiro nunha soleada tarde de outono, decateime de que os escenarios da novela, non o son tanto os do asasinato, se non que son os da vida normal dos investigadores. O seu lugar de traballo, os bares onde almorzan, a casa de Santi Abad, o lugar onde merca o peixe... O mesmo sucederá na segunda entrega, se ben, en contraste coa primeira entrega, a vítima e protagonista e todas as persoas do seu círculo viven en Compostela, co cal a presenza da cidade é moito máis imponente, chegando a coarse na historia, coma un elemento indisoluble da mesma.

Con esta premisa, coñecer mellor a cidade de Abad e Barroso, nas dúas novelas, construí as paradas do roteiro, nas que ademais de falar de Beleza vermella falamos dos escenarios da nova novela, *A vida secreta de Úrsula B.*, sempre sen desvelar nada que impida lelas.

---

PARADA 1. COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA

---



Tiña claro que deberíamos comezar no lugar onde Santi e Ana traballan. Esa comisaría, ao lado da Zona Vella de Compostela, na que dous policías entregados á súa profesión pasan a maior parte do día de xeito que se converte nun segundo fogar. Por iso, as terrazas e bares que están ao seu redor cobran gran relevancia. Fixemos referencia ao Tokio, ao Marte e ao seu mítico pincho de tortilla.

—Un café primeiro?

—Vale. Terraza?

—Aquí en fronte xa.

—Na terraza do Tokio?

—Mesmamente.

*As terrazas da Avenida de Figueroa estaban sempre cheas de peregrinos. O verán en Compostela era unha ferverza de peregrinos e turistas, insufrible para os habitantes da cidade, que cando chegaban esas datas e a calor fuxían cara á costa*

Nesa comisaría tamén, ten lugar a última escena de Beleza vermella. Un final que se encadea co comezo da segunda entrega de Abad e Barroso. Porque todo debe volver a comezar nesa comisaría na que, como moitos composteláns, un dos personaxes, Connor Brennan, confesa non ter entrado máis que para facer o DNI.

Aproveito para confesar que todas as escenas da novela que transcorren no interior da comisaría son inventadas. Que non entrei a verificar como son as salas nin os despachos dos inspectores, máis pois vergoña que por desidia.

Falamos tamén neste punto da importancia de manter a verosimilitude sen que sexa necesario ser veraz en todos os aspectos da narración.

Sirva de exemplo este parágrafo da novela que fala do despacho do inspector Abad:

*O despacho de Santi Abad, non era como agardaba. Esperaba atopar un montón de papeis, unha luz tenue dunha pequena lámpada e unha cortiza chea de notas e fotografías. En realidade atopou un despacho normal. Mesmo podería ser un despacho dun asesor fiscal ou dun director de sucursal bancaria. Cun ordenador, unha impresora e un armario. Decatouse de que había un estante con varios volumes legais.*

---

## PARADA 2. ALAMEDA DE COMPOSTELA. PASEO DA FERRADURA

---



Foto: Xoán. A. Soler

Se ben en *Beleza vermella* tan só se fai referencia a ela de xeito indirecto cando Ana di que non lle gusta ollar no Obradoiro os fogos de artificio durante a festa do Apóstolo, este escenario acada unha grande importancia no segundo libro.

Diante da estatua de Valle Inclán obtense unha vista privilexiada da Catedral, do corazón da cidade vella.

Nesta alameda os protagonistas saen a correr, do mesmo xeito que o facía Connor Brennan no parque Eugenio Granell, no primeiro libro.

*Connor vivía nun pequeno apartamento en Pontepedriña, polo que corría xeralmente polo parque Eugenio Granell. Hoxe había máis xente do habitual no parque. Connor correu, esquivando triciclos de nenos, parellas collidas da man e rapaces con patinetes, mentres intentaba deixar de pensar en Lía Somoza.*

A Alameda constitúe outro dos pulmóns da cidade. Na seguinte novela, este é o escenario onde os protagonistas deixan a mente en branco e acadan a paz. Para o compostelán, sentarse neste banco é como sentarse ao mirar o mar. E é por iso que os protagonistas, volven no seu maxín a lembrar o que sentiron sentados nese banco. E non se pode contar máis sen estragar o argumento desa segunda novela.

---

### PARADA 3. CASA DE SANTI ABAD

---



Santi Abad vive moi preto da comisaría. Nese piso do Pombal habita o home, non o inspector, e coñecemos a verdadeira personalidade de Santi. Nese piso tamén transcorren escenas vitais de *Beleza vermella*, destacando ese episodio chamado Hore Shakul, onde se fai unha reflexión sobre a incapacidade de atopar unha verba para definir a perda dun fillo.

Nese piso Abad e Barroso deixan de selo para converterse en Ana e Santi.

*Que fas?*

*Nada en especial. A que andas?*

*Nada en especial. Invitas a un café?*

*Onde estás?*

*Xusto no Pombal. Nº ?*

*Ao carón do hotel. Segundo.*

E así descubrimos un Santi maniático da orde e da limpeza que se esconde nese piso dos turistas, que cociña, que escoita a Johnny Cash.

*(...) a vida suspendida, en paréntese, ata que o luns chegase de novo, para volver a pescudar nas vidas alleas, para esquecer o baleiro que habitaba nese piso do Pombal que antes compartira con Sam. (...) Case se permitía sentir envexa polos milleiros de turistas que asolaban as rúas de Compostela. Parecían inmersos nunha desas gravacións dos irmáns Lumière, nas que a paisaxe parece debuxada, case imperturbable, mentres eles se deslizan de xeito mecánico, coa única finalidade de estar en movemento para seren capturados por unha cámara.*

Aproveitamos tamén para falar do lado escuro do inspector e do que o fai atractivo. O atraínte de Santi Abad non é ese lado escuro se non a consciencia por parte del de que o ten.

---

#### PARADA 4. OBRADOIRO

---



Se ben só se nomea de pasada, o Obradoiro é o corazón da Zona Vella e da cidade. Tanto na primeira entrega coma na segunda, os personaxes acoden á praza e aos seus arredores. Na segunda entrega, a praza da Quintana recorta o cadrado máis perfecto de ceo que Santi Abad ollara nunca. E cando se sente exhausto refuxiase no Pazo de Fonseca, e nas súas exposicións para decatarse que nin alí pode escapar de si mesmo. O doutor Brennan nos lembra que mesmo neste lugar case sacramental pode un sentirse só e paralizado, un síndrome de Stendhal que asalta a todos ao que visitan a praza por primeira vez, sobre todo se é de noite.

*Por primeira vez en tres anos sentíase tan só que estaba paralizado. Totalmente. Sentíase coma un deses mimos que están á porta da catedral, na praza do Obradoiro. Quieto. Inmóbil. Cun único obxectivo. Ver pasar a vida dos demais por diante.*

Durante o roteiro choveu bastantes e os participantes chancaron co feito de que a chuvia en Compostela é case arte. E mesmo lembraron as verbas de Connor Brennan cando no seu paseo con Lía Somoza pola praia de Abelleira comentou o que lle dicía a súa nai de pequeno respecto da choiva.

*—Estaste a mollar.  
—Crecín en Irlanda. Cada vez que collía unha molladura a miña nai adoitaba dicirme “É auga neno, non ácido sulfúrico”.*



---

## PARADA 5. BIBLIOTECA ÁNHEL CASAL

---



Ao carón da Biblioteca Ánchel Casal aproveitamos para reivindicar o papel das Bibliotecas nas nosas vidas. En Beleza vermella a homenaxe faise a través da Biblioteca da Cidade da Cultura:

*A biblioteca da Cidade da Cultura era á preferida de Ana. Adoitaba ir estudar alí porque non había problemas para aparcar. A rede wifi non se caía nunca, e non se podía dicir que estivese moi concorrida. Había máis turistas que estudantes. Tamén lle gustaba o complexo arquitectónico, se ben esa opinión non era compartida por moitos dos seus compañeiros. A Ana gustáballe a pureza e brancura das liñas modernas do seu interior, así como a altura dos teitos e a súa luminosidade.*

Na segunda entrega a Biblioteca Ánchel Casal toma un papel relevante na investigación, non só como un lugar dedicado ao préstamo de libros, se non que se salienta o seu papel de dinamización cultural. Un recoñecemento a eses espazos que constituíron unha ventá ao mundo para a xente da miña xeración.

---

## PARADA 6. PUB ATLÁNTICO E BARES DA ZONA VELLA

---



Coma ben dixemos, Santiago está presente na novela a través da vida dos investigadores. O pub Atlántico toma importa en *A vida privada de Úrsula B.*, onde un capítulo transcorre integramente nel.

En *Beleza vermella*, Santi Abad rememora unha noite coa súa ex-parella nestes termos.

*Estaba bébedo e esgotado. Canso de busca pola rúas. Nos bares. No Agarimo. No Suso. No Atlántico. Unha cervexa tras outra. Un whisky. E outro máis. Repetíase iso decotío. Que estaba bébedo. Que non era el. Pero si que o era. Era el o que a atopou. Vagou entre rúas pola noite de Compostela, ata topala con ese tío, á porta do pub.*

Os bares en Compostela presentan a peculiaridade de manter unha grande actividade de ocio nocturno, mesmo entre semana, polo feito de ser unha cidade universitaria na que conflúe tamén o feito de ser un destino turístico importante coa peregrinación. O Atlántico, porén, segue a reunir á xente da cidade, a calquera hora da noite de calquera día da semana.

---

## PARADA 7. RÚA DE SAN PEDRO

---



Dirixímonos á Rúa de San Pedro, parando previamente en La Flor, un bar que tamén toma relevancia na segunda entrega, para baixar ata á entrada na Rúa de San Pedro, lugar de entrada á cidade para os peregrinos. Nela vive tamén un dos personaxes principais da segunda entrega. Falamos neste intre do que supón vivir na Zona Vella de Santiago e da férrea política de conservación patrimonial, coma é lóxico e desexable nunha cidade coas características da nosa.

Un barrio cun encanto especial, que en Beleza vermella aparece na primeira cita pública de Santi e Ana.

Resulta curiosa a preocupación deles por que non os descubran. Compostela é unha cidade na que é case imposible que iso suceda. Todos nos acabamos atopando sempre, e ese é o encanto das vilas pequenas.

*Santi levouna a un restaurante da Rúa de San Pedro que tiña unha terraza no xardín traseiro. Comeron ensalada de quinoa e hamburguesas de tofu.*

*(...)*

*Nunca estiveran así. Ata o de agora traballaran xuntos, deitáranse, rifaran, pero nunca estiveran así. Comendo. Falando. Coñecéndose. Ana estaba receosa. Como agardando que nalgún momento algo se torcese. Que el dixese algo inconveniente.*

---

## PARADA 8. PUB MOMO E PRAZA DE ABASTOS

---



Esa primeira cita entre Santi e Ana remata no Momo. Elixo este bar para falar dos múltiples locais de Compostela que ofrecen os seus xardíns traseiros como lugar ideal para tomar un café ou pasar unha agradable sobremesa.

*Santi decidiu que hoxe non levaría a Ana á súa casa. Se ela cría que a única razón pola que a chamaba era para deitarse con ela, entón igual non estaba de máis que se limitasen a tomar algo e a falar un rato. Así que, tras saír do restaurante, foron á terraza do Momo. Santi adoitaba ir a ese xardín a tomar un té xeadado e ler un libro. Ía tras dela. Estivo a piques de collela da man.*

Xusto enriba, erguendo a vista, atopamos a praza de abastos. Falamos do que significan as prazas de abastos nas nosas vidas. Como fila de mariñeiro e residente en vila mariñeira tras chegar a vivir a Galicia, no podo menos que ter boas lembranzas dos sábados na praza, un espazo ao que o propio Abad é moi afeccionado como recollín neste parágrafo de *Beleza vermella*:

*A Santi gustábanlle os sábados na praza de abastos. Gustáballe pasear entre a xente. Percorrer todos os postos e ir facendo a súa elección. Axustar o prezo do peixe. Case sempre o mercaba no mesmo posto. Para hoxe elixira unha boa maragota. Os sábados botáballe tempo na cociña. Chegaba a casa, tras pasear pola praza e tomarlle unha cervexa na zona vella, e pechábase na cociña. Abría unha botella de viño, poñía música, e cociñaba. Peixe ao forno, xeralmente. A maragota non. A maragota como estaba boa, de verdade, era en caldeirada.*

## ÍNDICE

<i>LIMIAR.....</i>	<i>1</i>
<i>PARADA 1. COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....</i>	<i>2</i>
<i>PARADA 2. ALAMEDA DE COMPOSTELA. PASEO DA FERRADURA .....</i>	<i>4</i>
<i>PARADA 3. CASA DE SANTI ABAD .....</i>	<i>5</i>
<i>PARADA 4. OBRADOIRO.....</i>	<i>7</i>
<i>PARADA 5. BIBLIOTECA ÁNXEL CASAL .....</i>	<i>8</i>
<i>PARADA 6. PUB ATLÁNTICO E BARES DA ZONA VELLA .....</i>	<i>9</i>
<i>PARADA 7. RÚA DE SAN PEDRO.....</i>	<i>10</i>
<i>PARADA 8. PUB MOMO E PRAZA DE ABASTOS .....</i>	<i>11</i>